

CUESTIONARIO DE METEOROLOXÍA

Nivel I: dificultade baixa	3
1. Cal é a diferenza entre tempo e clima? (P1)	3
2. En que zona climática se atopan os grandes bosques selváticos do mundo? (P1).....	4
3. En que consiste o fenómeno meteorolóxico coñecido como “gota fría”? (P1).....	4
4. Como é o clima mediterráneo continental? (P1)	4
5. Por que se forman as brisas mariñas na zona costeira? (P2)	4
6. Que diferenzas podemos atopar entre a vertente norte e a sur dunha montaña? (P2)	4
7. Por que moitos dos refráns da nosa tradición oral fan referencia ao clima e ao tempo? (P3)	4
8. Segundo o refrán, por qué a andoriña que voa alto non teme a chuvia? (P3)	5
9. Que estudia a Paleoclimatoloxía? (P4)	5
10. Como sabemos o ano no que se formou unha capa de xeo para realizar datacións paleoclimáticas? (P4)	5
11. Que é a presión atmosférica? (P5)	5
12. Cal é a diferenza entre calor e temperatura? (P5)	5
13. Que representa un climograma? (P5)	5
14. Con que nome se coñecen a un hidrometeoro, formado por partículas acuosas que cae ao chan procedente dunha nube? (P6)	6
15. Pode ser negra a xeadada? (P6)	6
16. A neve e a saraiba teñen a mesma estrutura? (P6)	6
17. Segundo que criterio se adoitan clasificar as nubes? (P7)	6
18. A que altura máxima pode chegar unha nube de tipo estrato? (P7)	6
19. Que indican as isobaras nun mapa meteorolóxico? (P8).....	6
20. Que é unha borrasca? (P8)	7
21. Que é unha fronte? (P8)	7
22. A que velocidade viaxan os satélites xeoestacionarios? (P9)	7
23. Con que frecuencia se adoita soltar un globo meteorolóxico? (P9).....	7
24. Que instrumento empregan os meteorólogos para a detección de chuvias, as súas traxectorias e as súas intensidades? (P9)	7
25. Para que se empregan as boias meteorolóxicas? (P9)	7
26. Con que aparello se mide a velocidade do vento? (P9)	8
27. Con que nome coloquial se coñece unha Depresión Illada En Niveis Altos? (P10).....	8
28. Cando se considera que hai seca nunha zona determinada? (P10)	8
29. Como se constrúe un modelo meteorolóxico para prediccións? (P11)	8

30. Nos modelos de predicción globais mídense as evolucións da atmósfera... (P11).....	8
31. Que son as células convectivas de circulación? (P 12)	8
32. Que mecanismo distribúe a enerxía solar por toda a superficie da Terra? (P 12)	9
33. É habitual que chova no ecuador? (P 12).....	9
34. Que tipo de observación se fai coas boias mariñas do Proxecto Raia? (P 12)	9
Nivel II: dificultade media	9
1. Se este inverno chove máis que a media nos últimos sete anos podemos falar dun cambio climático? (P 1)	9
2. A que se debe a variedade local de climas? (P1).....	10
3. En que zona climática da península ibérica chove de xeito habitual durante todo o ano? (P 1).....	10
4. Como inflúen as correntes en chorro e o anticiclón das Azores na península ibérica? (P1)	10
5. Como é o clima das Baleares? (P1)	10
6. En que sentido se moven as brisas mariñas? (P2)	10
7. Que cambios meteorolóxicos podemos notar a medida que imos subindo unha montaña? (P2)	10
8. Como afecta a orografía das rías galegas ao seu clima local? (P2)	11
9. Segundo a sabedoría popular que ocorre cando chove en Agosto? (P3).....	11
10. Que métodos de datación emprega a Paleoclimatoloxía? (P4)	11
11. Podemos obter algunha información paleoclimática do tronco dunha árbore? (P4)	11
12. Cal é a orixe dos ventos? (P5)	11
13. Por que se considera un anticiclón unha situación estable? (P5).....	12
14. Se levamos unha botella de plástico baleira dende o alto dunha montaña ata o seu val qué lle acontecerá? (P5)	12
15. Cal é a diferenza entre rosada e xeada? (P6)	12
16. Que produce o vapor de auga contido no aire ao condensar por arrefriamento? (P6)	12
17. Que mide a humidade relativa? (P6)	12
18. Saberías clasificar unha nube en forma de ovella a unha altitude duns 3000 metros? (P7)	13
19. A que altitude se forman as nubes máis temidas polos pilotos aéreos? (P7)	13
20. Por onde entran habitualmente as fronteas en Europa? (P8)	13
21. Que acontece cando se reúnen correntes de aire polar con aire máis quente? (P8).....	13
20. Como lle pode afectar a un avión a presenza das correntes en chorro	

durante a súa viaxe? (P8).....	13
21. Con que instrumento meteorolóxico podemos obter fotografías de tormentas de area? (P9).....	14
22. Pódelle afectar a diferenza de presión atmosférica a un globo meteorolóxico? (P9).....	14
23. Como se mide a velocidade das correntes mariñas? (P9)	14
24. Que aspecto adoita ter unha garita de Stevenson? (P9).....	14
25. Que fenómeno meteorolóxico produce un gran número de mortes por hipertermia? (P10)	14
26. Recordas algún tornado forte nos últimos anos en Galicia? (P10)	14
27. En que zona se atopan os lugares onde caen maior número de raios? (P10)	15
28. É complicado engadir unha pequena variación nos parámetros medidos a un modelo de predicción meteorolóxica? (P 11)	15
29. En que lle afecta a teoría do caos aos modelos de predicción meteorolóxica? (P 11)	15
30. Que refrán aparece representado na ilustración do panel 3? (P3)	15
31. De onde veñen os ventos Alisios? (P 12)	15
32. No debuxo da Terra e o Sol do panel 12 é verán ou inverno en Rusia? (P 12)	16
33. Que función levan a cabo o complexo sistema de borrascas e anticiclóns da atmósfera? (P 12)	16
 Nivel III: dificultade alta	 16
1. Se levo unha bolsa de patacas fritidas envasada en Vigo e subo ao monte do Galiñeiro (690 m de altitude), á hora de merendar está inchada, por que?	16
2. Que diferenza existe entre un ciclón, un tifón e un furacán?.....	16
3. É o ollo dun ciclón o punto de maior turbulencia neste tipo de fenómenos?	16
4. En que zonas do planeta cae o maior número de raios?.....	17
5. Pódese coñecer a composición da atmósfera no momento no que caeu a neve que formou unha sección dun testigo de xeo?	17
6. Que método de datación paleoclimática nos permite chegar máis atrás no tempo?	17
7. En que sentido viaxa un vento do noroeste?	17
8. Cara onde se dirixe unha corrente oceánica do norte?.....	17
9. Con que material natural podemos elaborar un higrómetro caseiro?.....	17
10. Cando se produce unha fronte ocluída?	18
11. Cando se produce unha fronte estacionaria?	18
12. É certo que no hemisferio sur a auga nos sumidoiros xira ao contrario que no hemisferio norte?.....	18

c) O tempo refírese aos fenómenos meteorolóxicos nun momento dado e o clima a un procesado dos mesmos durante máis de 30 anos.

d) O clima refírese aos fenómenos meteorolóxicos nun momento dado e o tempo a un procesado dos mesmos durante máis de 30 anos.

2. En que zona climática se atopan os grandes bosques selváticos do mundo?

(P1)

a) Latitudes mornas.

b) Zonas de converxencia intertropicais.

c) Zonas polares.

d) Rexións tropicais.

3. En que consiste o fenómeno meteorolóxico coñecido como “gota fría”? (P1)

a) Saraiba.

b) Neve.

c) Chuvia durante o inverno con baixas temperaturas que se dá habitualmente nas zonas costeiras.

d) Chuvas torrenciais moi localizadas que se dan no Mediterráneo, normalmente nos meses de setembro e outubro.

4. Como é o clima mediterráneo continental? (P1)

a) Invernos templados e veráns cálidos pola influencia do Mediterráneo.

b) Invernos cálidos e veráns templados pola influencia do Mediterráneo.

c) Invernos fríos e veráns templados pola influencia do continente.

d) Invernos moi fríos e veráns cálidos pola carencia de influencia mariña.

5. Por que se forman as brisas mariñas na zona costeira? (P2)

a) Debido ás características orográficas das rías galegas.

b) Pola diferenza de temperatura entre o mar e a terra.

c) Porque o aire se move de baixas a altas presións.

d) Pola interacción do mar coa atmósfera ao formarse ondas.

6. Que diferenzas podemos atopar entre a vertente norte e a sur dunha montaña? (P2)

a) A vertente N é máis húmida e fría xa que o sol incide máis verticalmente nela que na vertente S.

b) A vertente N é máis cálida e seca, xa que o sol incide máis verticalmente nela que na

vertente S.

c) A vertente N é máis húmida e fría que a vertente S, onde o sol incide máis verticalmente.

d) A vertente N é máis cálida e seca que a vertente S, onde o sol incide máis verticalmente.

7. Por que moitos dos refráns da nosa tradición oral fan referencia ao clima e ao tempo? (P3)

a) Polo noso pasado de tradición agrícola no que o tempo era o regulador fundamental da vida diaria.

b) Porque temos máis nomes para a chuvia que noutras comunidades.

c) Porque a chuvia forma parte do noso patrimonio natural.

d) Pola dispersión xeográfica. Era importante coñecer o tempo para desprazarse entre os diferentes pobos.

8. Qué significa o refrán: andoriña que alto voa non teme a chuvia? (P3)

a) si hai altas presións os mosquitos voan alto e as andoriñas para cazalos tamén.

b) as correntes ascendentes levantan as andoriñas

c) as andoriñas que voan alto saben que non vai chover

e) as andoriñas voan alto para no caso de baixas presións

10. Que estudia a Paleoclimatoloxía? (P4)

a) O clima da Terra no período Paleolítico.

b) O clima da Terra en épocas pasadas, dende hai miles de anos e como foi variando de forma xeral.

c) Os fenómenos meteorolóxicos que afectaron á extinción dos dinosaurios.

d) O clima actual dunha zona a través dun rexistro de xeo.

11. Como sabemos o ano no que se formou unha capa de xeo para realizar datacións paleoclimáticas? (P4)

a) Nas zonas polares e nos glaciares vanse depositando sucesivas capas de xeo que se poden contar coma os aneis das árbores para saber os anos.

b) Nos icebergs vanse depositando sucesivas capas de xeo que se poden medir para saber os anos.

c) Cóntanse os aneis coma nas árbores, pero unha capa de xeo non pode durar centos de anos polo que non é útil para a paleoclimatoloxía.

d) Segundo a profundidade á que se atope, se están á mesma profundidade terán a mesma idade.

12. Que é a presión atmosférica? (P5)

- a) A forza por unidade de superficie nas capas máis altas da atmósfera.
- b) A forza que exercen os gases atmosféricos no límite superior da mesma.
- c) A presión exercida polos gases que conforman a atmósfera en calquera punto da mesma.
- d) A presión exercida polos gases que conforman a atmósfera na superficie terrestre.

13. Cal é a diferenza entre calor e temperatura? (P5)

- a) A enerxía que dá lugar ao movemento das moléculas é a temperatura. A súa medida é a calor.
- b) A enerxía que dá lugar ao movemento das moléculas é a calor. A súa medida é a temperatura.
- c) Son a mesma magnitude.
- d) Temperatura é o término físico da magnitude e calor a súa denominación coloquial.

14. Que representa un climograma? (P5)

- a) O clima dun lugar nun período de 12 meses.
- b) As precipitacións e a calor dun lugar nun determinado período de tempo.
- c) A presión atmosférica e a temperatura dun lugar nun determinado período de tempo.
- d) As precipitacións e as temperaturas dun lugar nun determinado período de tempo.

15. Con que nome se coñecen a un hidrometeoro, formado por partículas acuosas que cae ao chan procedente dunha nube? (P6)

- a) Chuvia.
- b) Precipitación horizontal.
- c) Precipitación.
- d) Saraiba.

16. Pode ser negra a xeadada? (P6)

- a) Non, a xeadada é unha capa de xeo branca que cubre as superficies expostas durante a noite.
- b) Sí, dáselle este nome cando a masa de aire é seca e non se forma capa de xeo, pola cor que adquiren os vexetais ao morrer as células dos seus tecidos.
- c) Non, a xeadada é unha capa incolora de pingadas de auga.
- d) Sí, dependendo da cor das partículas de condensación das nubes, pola cor que adquire a capa de xeo depositada sobre a vexetación.

17. A neve e a saraiba teñen a mesma estrutura? (P6)

- a) As dúas teñen forma esférica pero son de diferente tamaño.
- b) As dúas teñen forma esférica pero fórmanse a diferente temperatura.
- c) A neve está formada por cristais hexagonais que forman folepas e a saraiba por esferas en capas concéntricas.
- d) A neve está formada por esferas que forman folepas e a saraiba por cristais hexagonais en capas concéntricas.

18. Segundo que criterio se adoitan clasificar as nubes? (P7)

- a) O máis común é pola súa cor aínda que tamén se ten en conta a altura á que se forman.
- b) O máis común é pola cantidade de precipitación á que dan lugar.
- c) O máis común é pola velocidade á que se moven e a súa forma.
- d) O máis común é pola altura á que están aínda que tamén se ten en conta a súa forma.

19. A que altura máxima pode chegar unha nube de tipo estrato? (P7)

- a) Son nubes baixas, como moito ata os 4000 metros.
- b) Son nubes baixas, como moito ata os 2000 metros.
- c) Son nubes baixas, por enriba dos 2000 metros.
- d) Son nubes medias, chegan ata os 2000 metros.

20. Que indican as isobaras nun mapa meteorolóxico? (P8)

- a) Indican a variación de temperatura nunha zona determinada.
- b) Indican a dirección do vento nunha zona determinada.
- c) Unen puntos de igual temperatura do aire.
- d) Unen puntos de igual presión atmosférica.

21. Que é unha borrasca? (P8)

- a) Unha zona de baixa presión na que o aire xira no sentido contrario ás agullas do reloxo.
- b) Unha zona de alta presión na que o aire xira no sentido das agullas do reloxo.
- c) Un val ou zona de alta presión.
- d) Unha montaña ou zona de alta presión.

22. Que é unha fronte? (P8)

- a) Unha masa de aire quente achegándose a outra de aire frío.
- b) Unha faixa que separa dúas masas de aire con propiedades termodinámicas diferentes.
- c) Unha masa de aire frío achegándose a outra de aire quente
- d) Unha situación de estabilidade e altas presións que vén acompañada de bo tempo.

23. A que velocidade viaxan os satélites xeoestacionarios? (P9)

- a) Orbitan á mesma velocidade cá Terra polo que fican na mesma zona xeográfica.
- b) Orbitan 12 veces máis rápido que a velocidade da Terra polo que pasan sobre o mesmo punto ata 12 veces diarias.
- c) Orbitan a diferente velocidade segundo as condicións climáticas dese momento na zona que atravesan.
- d) En realidade non se moven, están situados sobre diferentes puntos debido ao movemento de rotación da Terra.

24. Con que frecuencia se adoita soltar un globo meteorolóxico? (P9)

- a) Anualmente.
- b) Mensualmente.
- c) Diaria ou semanalmente.
- d) Cada hora.

25. Que instrumento empregan os meteorólogos para a detección de chuvias, as súas traxectorias e as súas intensidades? (P9)

- a) O pluviómetro.
- b) O globo meteorolóxico.
- c) A boia meteorolóxica.
- d) O radar meteorolóxico.

26. Para que se empregan as boias meteorolóxicas? (P9)

- a) Para medir a intensidade e traxectoria das borrascas.
- b) Para delimitar as zonas de baño nas praias.
- c) Para medir variables meteorolóxicas en mares e océanos.
- d) Para medir a temperatura a diferentes alturas na atmósfera.

27. Con que aparello se mide a velocidade do vento? (P9)

- a) Co catavento.
- b) Co anemómetro.
- c) Co piranómetro.
- d) Co barómetro.

28. Con que nome coloquial se coñece unha Depresión Illada En Niveis Altos? (P10)

- a) Borrasca
- b) Furacán
- c) Gota fría
- d) Tormenta

29. Cando se considera que hai seca nunha zona determinada? (P10)

- a) Cando hai menos auga que a requerida nesa área xeográfica debido a unha anomalía transitoria.
- b) Cando a auga non chega para satisfacer os usos de auga corrente para o ser humano en casas, piscinas, campos de golf, etc.
- c) Cando hai menos auga que a habitual nesa zona climática nos últimos anos.
- d) Cando hai maior número de incendios que a media desa zona nos últimos anos.

30. Como se constrúe un modelo meteorolóxico para predicións? (P11)

- a) Constrúese unha maqueta ideal da atmósfera, formada por unha malla de cubos. En cada vértice colócanse os datos de precipitación, temperatura e nubosidade.
- b) Constrúese unha maqueta ideal da atmósfera, formada por unha malla de cubos. En cada vértice colócanse os datos de presión, temperatura e humidade.
- c) Introdúcense os datos de presión, temperatura e humidade diarios medios dunha provincia nunhas ecuacións complexas das que obtemos os valores numéricos para o día seguinte.
- d) O meteorólogo interpreta segundo o tempo dos últimos días e a relación entre as medidas nas diferentes zonas, que ocorrerá nos días seguintes.

31. Nos modelos de predición globais mídense as evolucións da atmosfera... (P11)

- a) Cada 15 minutos.
- b) Cada hora.
- c) Cada día.
- d) Cada 3 días.

32. Que son as células convectivas de circulación? (P 12)

- a) O ciclo que forman as correntes oceánicas superficiais, que van alternando correntes cálidas e frías.
- b) O ciclo que forman a circulación atmosférica xunto coa oceánica, transferindo enerxía entre o vento e o mar.
- c) Correntes de aire que van dos anticiclóns ás borrascas en superficie, entran nelas e

suben viaxando en altura ata zonas de baixa presión onde volver baixar, coincidindo de novo con zonas anticiclónicas.

d) Correntes de aire que van das borrascas aos anticiclóns en superficie, entran neles e suben viaxando en altura ata zonas de alta presión onde volver baixar, coincidindo de novo con zonas de borrascas.

33. Que mecanismo distribúe a enerxía solar por toda a superficie da Terra? (P12)

a) O movemento de rotación e o de translación da Terra que regulan o paso dos días e das estacións e a incidencia da radiación solar na Terra.

b) O conxunto océano-atmosfera mediante a circulación atmosférica e a circulación dos océanos.

c) A circulación dos ventos en superficie.

d) A circulación oceánica superficial.

34. É habitual que chova no ecuador? (P 12)

a) Non, xa que o sol incide verticalmente na zona ecuatorial, provocando unha zona de anticiclóns.

b) Non, no ecuador non chove case nunca, pero en determinadas épocas do ano hai fortes tormentas puntuais.

c) Si, porque o sol incide moi verticalmente nesa zona, quenta o aire e fai que baixe, formando unha zona permanente de anticiclóns.

d) Si, porque o sol incide moi verticalmente nesa zona, quenta o aire e fai que se eleve, formando unha zona permanente de borrascas.

35. Que tipo de observación se fai coas boias mariñas do Proxecto Raia? (P12)

a) Observación océano-biolóxica, miden datos oceanográficos e biolóxicos.

b) Observación océano-meteorolóxica, miden en tempo real datos oceanográficos, meteorolóxicos e xeolóxicos.

c) Observación océano-meteorolóxica, miden en tempo real datos meteorolóxicos, oceanográficos e biolóxicos.

d) Observación global da costa de Galicia e Portugal, medindo datos océano-meteorolóxicos dos sedimentos profundos, da columna de auga e da fauna da zona.

Nivel II: dificultade media

1. Se este inverno chove máis que a media nos últimos sete anos podemos falar dun cambio climático? (P 1)

- a) Si, porque o tempo habitual no inverno é o clima dunha zona.
- b) Si, porque se comparamos as medias, aumentou o rexime de precipitacións.
- c) Non, porque para definir un clima (ou un cambio climático) precisamos procesar datos durante polo menos 30 anos.
- d) Non, porque o cambio climático non produce máis chuvias.

2. A que se debe a variedade local de climas? (P1)

- a) Á distribución das masas de terra e auga, á orografía e á vexetación entre outros factores.
- b) A latitude é o factor que marca a variedade climática local.
- c) Ao diferente ángulo de incidencia da radiación solar.
- d) Ao diferente albedo que teñen os materiais do chan.

3. En que zona climática da península ibérica chove de xeito habitual durante todo o ano? (P 1)

- a) Mediterráneo.
- b) Morno seco oceánico.
- c) Morno húmido ou oceánico.
- d) Oceánico continental.

4. Como inflúen as correntes en chorro e o anticiclón das Azores na península Ibérica? (P1)

- a) As correntes de chorro traen asociadas frentes frías e o anticiclón das Azores frentes cálidas.
- b) A influencia das correntes de chorro vén acompañada de borrascas e frentes e o anticiclón das Azores trae asociadas as altas presións tropicais.
- c) As correntes de chorro traen asociadas altas presións e o anticiclón das Azores ven acompañado de baixas.
- d) Estas zonas están demasiado lonxe para ter influencia na península ibérica.

5. Como é o clima das Baleares? (P1)

- a) Tropical, xa que as illas se atopan na costa africana.
- b) Mediterráneo oceánico.
- c) Caracterízase por veráns áridos, con poucas chuvias e invernos suaves.
- d) Oceánico.

6. En que sentido se moven as brisas mariñas? (P2)

- a) Dende o mar cara á terra.
- b) Dende a terra cara ao mar.
- c) Polo día dende a terra cara ao mar, pola noite dende o mar cara á terra.
- d) Polo día dende o mar cara á terra, pola noite dende a terra cara ao mar.

7. Que cambios meteorolóxicos podemos notar a medida que imos subindo unha montaña? (P2)

- a) Cada vez menor temperatura e maior radiación solar.
- b) Cada vez maior temperatura e maior radiación solar.
- c) Cada vez menor temperatura e menor radiación solar.
- d) Cada vez maior temperatura e menor radiación solar.

8. Como afecta a orografía das rías galegas ao seu clima local? (P2)

- a) As Rías Baixas teñen brisas máis intensas debido á influencia do Atlántico, mentres o Cantábrico fai que as Rías Altas sexan máis chuviosas.
- b) As Rías Baixas son máis chuviosas debido á influencia do Atlántico, mentres o Cantábrico fai que as Rías Altas teñan brisas máis intensas.
- c) A orografía recortada das Rías Altas fai que as brisas e a humidade queden na costa mentres que nas Baixas, de relevo máis suave penetran máis cara ao interior.
- d) A orografía recortada das Rías Baixas fai que as brisas e a humidade queden na costa mentres que nas Altas, de relevo máis suave penetran máis cara ao interior.

9. Segundo a sabedoría popular que ocorre cando chove en agosto? (P3)

- a) Choverá na época da vendima, na do magosto e na da matanza do porco.
- b) Non haberá boa colleita de uvas nin de castañas, nin bo alimento para o gando.
- c) Choverá en Setembro, Outubro e Novembro.
- d) Estragaranse o mosto e as castañas da despensa.

10. Que métodos de datación emprega a Paleoclimatoloxía? (P4)

- a) Auga líquida no interior dos rexistros de xeo.
- b) Aneis de árbores vivas.
- c) Rexistros escritos de datos sobre precipitación e temperatura.
- d) Rexistros humanos, aneis das árbores, depósitos sedimentarios e glaciares, cilindros de xeo...

11. Podemos obter algunha información paleoclimática do tronco dunha árbore? (P4)

- a) Unicamente a súa idade e se morreu por algunha enfermidade que pode estar asociada ao clima.
- b) Analizando a tonalidade dos aneis podemos saber o clima do momento no que naceu esa árbore.
- c) Vendo a anchura dos seus aneis de verán podemos saber se as condicións eran favorables (medrou moito) ou desfavorables (medrou pouco) naquela estación.
- d) Non, os aneis dunha árbore só nos falan dos ciclos de crecemento, é decir da idade do tronco.

12. Cal é a orixe dos ventos? (P5)

- a) As mareas, orixinadas pola influencia do sol e da lúa, fan que se mova o aire nas costas e se vaia transmitindo ese movemento orixinando os ventos.
- b) As correntes mariñas, orixinadas por diferenzas de densidade, fan que se mova o aire en contacto co mar e se transmita este movemento orixinando os ventos.
- c) A alternancia de borrascas e anticiclóns no planeta orixina fluxos verticais de aire, dende as baixas cara ás altas presións, orixinando os ventos.
- d) Os movementos de rotación e translación da Terra fan que a radiación solar non quente por igual o aire de diferentes zonas, orixinando diferenzas de presión que dan lugar ao movemento do aire, orixinando os ventos.

13. Por que se considera un anticiclón unha situación estable? (P5)

- a) Porque trae asociado bo tempo, situación máis estable que as borrascas que adoitan vir acompañadas de chuvia e vento.
- b) Porque o aire frío descende, facendo aumentar a presión en superficie e provocando estabilidade (alta presión en superficie).
- c) Porque o aire quente ascende, facendo diminuír a presión en superficie e provocando estabilidade (baixa presión en superficie).
- d) Porque adoitan ter unha duración temporal maior que as borrascas que aínda que sexan intensas duran poucos días.

14. Se levamos unha botella de plástico baleira dende o alto dunha montaña ata o seu val qué lle acontecerá? (P5)

- a) Nada, porque a diferenza de presión non é tan grande como para deformar unha botella de plástico.
- b) Esmagarase porque a presión no exterior (aire do val) é maior que a do interior da botella (aire do alto da montaña).
- c) Esmagarase porque a presión no exterior (val) é maior que a do interior da botella, xa que ao estar baleira non hai aire exercendo presión.
- d) Inchará porque a presión no exterior (aire do val) é menor que a do interior da botella

(aire do alto da montaña).

15. Cal é a diferenza entre rosada e xeadá? (P6)

- a) A rosada deposítase enriba do chan e os vexetais e a xeadá queda suspendida no aire, coma a néboa.
- b) A xeadá deposítase enriba do chan e os vexetais e a rosada queda suspendida no aire, coma a néboa.
- c) A xeadá son pingas de auga que se forman nas noites de tempo claro e a rosada unha capa de xeo formada pola noite a menos de 0°C.
- d) A rosada son pingas de auga que se forman nas noites de tempo claro e a xeadá unha capa de xeo formada pola noite a menos de 0°C.

16. Que produce o vapor de auga contido no aire ao condensar por arrefriamento? (P6)

- a) Rosada, que ao descender a temperatura se convirte en néboa e logo en xeadá.
- b) Xeadá, que ao aumentar a temperatura se convirte en néboa e logo en rosada.
- c) Rosada, xeadá ou, se a temperatura é baixa dabondo, néboa.
- d) Rosada, néboa ou, se a temperatura é baixa dabondo, xeadá.

17. Que mide a humidade relativa? (P6)

- a) A cantidade de vapor de auga contido no aire.
- b) A cantidade de auga condensada contida no aire.
- c) A humidade absoluta que ten o aire no punto de rosada.
- d) O punto de rosada.

18. Saberías clasificar unha nube en forma de ovella a unha altitude duns 3000 metros? (P7)

- a) Altoestrato.
- b) Altostrato.
- c) Altocúmulo.
- d) Estratocúmulo.

19. A que altitude se forman as nubes máis temidas polos pilotos aéreos? (P7)

- a) A menos de 2000 m, impídenlle ver con claridade a pista de aterraxe.
- b) Poden atoparse ata a máis de 10 Km de altitude, son os cirrocúmulos.
- c) Poden atoparse ata a máis de 10 Km de altitude e producen fortes descargas eléctricas.
- d) Poden atoparse ata a 6000 m de altitude, son os cúmulonimbos.

20. Por onde entran habitualmente as fronteiras en Europa? (P8)

- a) No hemisferio norte adoitan ir do norte ao sur, polo que en Europa entran por Noruega.
- b) No hemisferio norte adoitan ir do sur ao norte, polo que entran polo Mediterráneo.
- c) No hemisferio norte adoitan ir de leste a oeste, polo que en Europa entran polo leste, é dicir, dende Asia.
- d) No hemisferio norte adoitan ir de oeste a leste, polo que en Europa entran polo oeste, é dicir por Galicia.

21. Que acontece cando se reúnen correntes de aire polar con aire máis quente? (P8)

- a) O aire quente enfría rapidamente por contacto coa temperatura extrema do aire polar.
- b) Nas súas proximidades fórmanse fluxos rápidos de aire coñecidos como correntes en chorro.
- c) O aire polar perde temperatura e mestúrase co cálido dando lugar a unha situación estable.
- d) Dúas masas de características tan diferentes non son quen de interaccionar e continúan ca súa traxectoria normal.

20. Como lle pode afectar a un avión a presenza das correntes en chorro durante a súa viaxe? (P8)

- a) Son fluxos moi rápidos de aire, polo que se o avión consegue montar neles, axudalle na viaxe facendo que viaxe a maior velocidade.
- b) Son fluxos moi rápidos de aire, polo que se o avión coincide con eles en dirección e sentido, pola forza de rozamento tenderá a ir máis lento.
- c) Os viaxeiros notarán algunha turbulencia, pero a día de hoxe xa están controladas para que non causen problemas graves.
- d) A súa presenza pode traer asociadas fortes treboadas, polo que os pilotos tenderán a desviar a súa ruta inicial.

21. Con que instrumento meteorolóxico podemos obter fotografías de tormentas de area? (P9)

- a) O globo meteorolóxico.
- b) O radar meteorolóxico.
- c) A estación meteorolóxica.
- d) O satélite meteorolóxico

22. Pódelle afectar a diferenza de presión atmosférica a un globo

meteorolóxico? (P9)

- a) Non, están preparados para resistir calquera cambio de presión.
- b) Si, afecta ás medicións pero están dotados dun sistema de corrección automático.
- c) Si, cando alcanza unha gran altitude, explota pola baixa presión do aire externo a esa altitude.
- d) Si, pode sufrir danos por cambios bruscos de temperatura, pero non é o máis habitual.

23. Como se mide a velocidade das correntes mariñas? (P9)

- a) As correntes superficiais mídense coas boias, para o caso das profundas aínda non hai un método eficaz.
- b) As correntes verticais mídense coas boias, para o caso das horizontais aínda non hai un método eficaz.
- c) Estase a estudar o xeito de medilas coa axuda das boias meteorolóxicas pero polo de agora aínda non é posible.
- d) Un dos xeitos é deixar boias meteorolóxicas á deriva e ir regulando a súa profundidade mediante cambios de densidade.

24. Que aspecto adoita ter unha garita de Stevenson? (P9)

- a) Unha caseta de madeira pintada de branco, ben illada do exterior e orientada ao norte.
- b) Unha caseta de madeira pintada de branco, ben ventilada e orientada ao norte.
- c) Unha caseta de madeira pintada de branco, ben ventilada e orientada ao sur.
- d) Unha caseta de madeira pintada de verde, ben illada do exterior e orientada ao sur.

25. Que fenómeno meteorolóxico produce un gran número de mortes por hipertermia? (P10)

- a) A seca.
- b) O furacán.
- c) A canícula.
- d) A onda de frío.

26. Recordas algún tornado forte nos últimos anos en Galicia? (P10)

- a) Si, o Mar Exeo.
- b) Non, adoita haber algún no outono pero sempre de pequena intensidade.
- c) Non, o relevo e as características meteorolóxicas habituais dificultan a súa formación.
- d) Non, porque os tornados só se forman en Estados Unidos.

27. En que zona se atopan os lugares onde caen maior número de raios? (P10)

- a) No hemisferio Sur.
- b) No hemisferio Norte.
- c) En latitudes polares.
- d) En latitudes tropicales.

28. É complicado engadir unha pequena variación nos parámetros medidos a un modelo de predición meteorolóxica? (P 11)

- a) Un pequeno cambio nas variables non se téñen en conta xa que non afecta ao modelo que traballa con medias.
- b) Cada pequeno cambio nas variables supón a realización dunha operación matemática para corrixila.
- c) É un sistema de ecuacións moi complexo, polo que un pequeno cambio nas variables supón a realización duns cen mil millóns de operacións.
- d) É bastante sinxelo xa que son modelos que a pesar de conter moitos datos traballan con ecuacións moi sinxelas.

29. En que lle afecta a teoría do caos aos modelos de predición meteorolóxica? (P 11)

- a) En que a pesar das medicións e experiencia do meteorólogo a atmosfera é totalmente imprevisible polo que a predición do tempo é unha materia bastante pouco científica.
- b) En que unha pequena e inevitable variación no estado inicial da atmosfera pódenos levar a un erro que se vai amplificando co paso do tempo ata chegar a unha predición totalmente desatinada.
- c) En que as predicións ao estar baseadas en complexos modelos numéricos tenden a ter algún erro informático durante as operacións intermedias que fai que os resultados finais sexan desatinados.
- d) En que é moi difícil que a atmosfera se comporte de xeito similar dúas veces seguidas, polo que hai que ir modificando os modelos numéricos continuamente.

30. Que refrán aparece representado na ilustración do panel 3? (P3)

- a) Tarde de arcos, mañá de charcos.
- b) Se a anduriña voa baixo, vas mollar o refaixo.
- c) Lúa posta, baixamar na costa.
- d) Gaivotas á terra, mariñeiros á merda.

31. De onde veñen os ventos Alisios? (P 12)

- a) Son ventos de compoñente leste, que veñen do nordeste no hemisferio norte e do surdeste no hemisferio sur.

- b) Veñen do oeste.
- c) Veñen do noroeste.
- d) Veñen do norte no hemisferio norte e do sur no hemisferio sur.

32. No debuxo da Terra e o Sol do panel 12 é verán ou inverno en Rusia? (P 12)

- a) É verán porque nesa época o sol ilumina ese lado do planeta.
- b) É inverno porque nesa época o sol non ilumina ese lado do planeta.
- c) É verán porque o sol incide máis perpendicularmente en todo o hemisferio norte.
- d) É inverno porque o sol incide máis perpendicularmente en todo o hemisferio sur.

33. Que función leva a cabo o complexo sistema de borrascas e anticiclóns da atmosfera? (P 12)

- a) Completan un circuíto pechado que reparte a presión atmosférica e a precipitación por todo o planeta.
- b) Completan un circuíto pechado que reparte a humidade e a enerxía térmica solar por todo o planeta.
- c) Minimizan o efecto da contaminación do solo nas zonas rurais e pouco desenvolvidas.
- d) Minimizan o efecto da contaminación atmosférica nas zonas urbanas e industriais.

Nivel III: dificultade alta

1. Se levo unha bolsa de patacas fritidas envasada en Vigo e subo ao monte do Galiñeiro (690 m de altitude), á hora de merendar está inchada, por que?

- a) Porque ao subir unha montaña vai aumentando a radiación solar e a calor dilata os corpos.
- b) Porque no interior da bolsa hai aire de Vigo (presión a nivel do mar) e ao subir diminúe a presión externa, polo que a presión interna é maior que a externa e o aire empuxa cara fóra.
- c) Porque diminúe a temperatura e o aire do interior ao manterse máis quente dilátase.
- d) Porque non está ben pechada e vai collendo aire segundo imos subindo.

2. Que diferenza existe entre un ciclón, un tifón e un furacán?

- a) A velocidade dos ventos. De maior a menor: tifón, ciclón e furacán.
- b) A velocidade dos ventos. De maior a menor: ciclón, tifón e furacán.
- c) O lugar onde se orixinou. Tifón ao NW do Pacífico, furacán no Atlántico ou NE do Pacífico e ciclón (nome xenérico) no Índico e S do Pacífico.

d) O lugar on se orixinou. Tifón ao NE do Pacífico, ciclón no Atlántico ou NW do Pacífico e furacán (nome xenérico) no Índico e S do Pacífico.

3. É o ollo dun ciclón o punto de maior turbulencia neste tipo de fenómenos?

a) Si, xa que é o punto onde se orixinou o enorme vórtice de fortes ventos que entran cara ao centro.

b) Si, xa que é o centro da enorme borrasca e de ahí a expresión “estar no ollo do ciclón”.

c) Non, só no caso dos furacáns, de ahí a expresión “estar no ollo do furacán”.

d) Non, de feito o centro ou ollo do ciclón é unha zona de calma, rodeada dun enorme vórtice de fortes ventos.

4. En que zonas do planeta cae o maior número de raios?

a) Hemisferio norte.

b) Hemisferio sur.

c) Latitudes tropicais.

d) Latitudes polares.

5. Pódese coñecer a composición da atmosfera no momento no que caeu a neve que formou unha sección dun testigo de xeo?

a) Non, pódese coñecer a composición da neve, pero non a da atmósfera.

b) Non, pódese coñecer a súa idade e a cantidade de xeo que se formou ese ano.

c) Non, pódese coñecer a composición da atmósfera no momento no que se formou o xeo, a través das burbullas de aire que quedaron retidas.

d) Si, analizando as burbullas de aire que quedaron retidas ao formarse o xeo.

6. Que método de datación paleoclimática nos permite chegar máis atrás no tempo?

a) Aneis das árbores.

b) Sedimentos oceánicos.

c) Testigos de xeo.

d) Glaciares de montañas.

7. En que sentido viaxa un vento do noroeste?

a) Cara ao surdeste.

b) Cara ao noroeste.

c) Cara ao oeste.

d) Cara ao norte.

8. Cara onde se dirixe unha corrente oceánica do norte?

- a) Cara ao sur.
- b) Cara ao norte.
- c) Cara ao leste, polo efecto de Coriolis.
- d) Cara ao oeste, polo efecto de Coriolis.

9. Con que material natural podemos elaborar un higrómetro caseiro?

- a) Cun globo, xa que incha ou desincha ao variar a presión atmosférica.
- b) Con alcohol, xa que cambia o seu volume ao variar a temperatura.
- c) Cun cabelo humano, a poder ser loiro, xa que estira ou encolle ao variar a humidade.
- d) Cunha lupa e un papel graduado, xa que ao incidir a radiación solar sobre ela vai queimando o papel.

10. Cando se produce unha fronte ocluída?

- a) Cando unha fronte cálida é alcanzada por unha fronte fría que se despraza a maior velocidade.
- b) Cando unha fronte fría é alcanzada por unha fronte cálida que se despraza a maior velocidade.
- c) Cando se atopan dúas masas de aire pero ningunha das dúas avanza sobre a outra.
- d) Cando unha masa de aire cálido alcanza unha masa de aire frío.

11. Cando se produce unha fronte estacionaria?

- a) Cando unha fronte cálida é alcanzada por unha fronte fría que se despraza a maior velocidade.
- b) Cando se atopan dúas masas de aire pero ningunha das dúas avanza sobre a outra.
- c) Cando unha masa de aire cálido alcanza unha masa de aire frío.
- d) Cando unha masa de aire frío alcanza unha masa de aire cálido.

12. É certo que no hemisferio sur a auga nos sumidoiros xira ao contrario que no hemisferio norte?

- a) Si, polo efecto de Coriolis o vórtice de auga xira en sentido antihorario no hemisferio norte e horario no hemisferio sur.
- b) Si, polo efecto de Coriolis o vórtice de auga xira en sentido horario no hemisferio norte e antihorario no hemisferio sur.
- c) Non, porque Coriolis aféctalle só a movementos de gases, coma o vento, non a líquidos.
- d) Non, porque o efecto de Coriolis só é notable no movemento dun volume de fluído moito

máis grande e de maior duración.

13. Con que símbolo aparecerá representado nun mapa meteorolóxico un centro de acción cunha presión de 980 milibares?

- a) A de anticiclón, xa que a presión é menor de 1013 mb (presión de referencia a nivel do mar).
- b) B de borrasca, xa que a presión é menor de 1013 mb (presión de referencia a nivel do mar).
- c) Liña azul con triángulos xa que se trata dunha fronte fría.
- d) Liña vermella con semicírculos xa que se trata dunha fronte cálida.

14. Por que foi importante Lewis Fry Richardson para a historia da predición meteorolóxica?

- a) Por ser o primeiro en realizar unha predición meteorolóxica nun medio de comunicación.
- b) Por ser o primeiro en representar nun mapa de isobaras a situación meteorolóxica.
- c) Por ser o primeiro en dar unha predición meteorolóxica acertada empregando un modelo numérico.
- d) Por ser o primeiro en empregar un modelo numérico para facer unha predición meteorolóxica, aínda que esta non foi acertada.

15. Como pode afectar a evolución do cambio climático á circulación global dos océanos?

- a) O desxeo dos casquetes polares, aumentaría a densidade da auga nas zonas de formación de masas profundas, polo que fundirían ata maior profundidade ou máis rapidamente, acelerando toda a circulación termohalina.
- b) O desxeo dos casquetes polares, diminuiría a densidade da auga nas zonas de formación de masas profundas, polo que fundirían ata menor profundidade ou máis lentamente, freando toda a circulación termohalina.
- c) Ao aumentar a temperatura media as correntes superficiais frías desaparecerían detendo totalmente o sistema.
- d) Ao diminuír a temperatura media as correntes superficiais cálidas desaparecerían detendo totalmente o sistema.

16. En que cambiaría o clima de Europa se se detivesen as correntes oceánicas?

- a) Ao deterse a Corrente do Golfo, que refresca as nosas costas, teríamos un clima máis

cálido que o actual.

b) Ao deterse a Corrente do Golfo, que aporta auga cálida ás nosas costas, a auga do mar estaría a maior temperatura.

c) Ao deterse a Corrente do Golfo, que aporta auga cálida ás nosas costas, teríamos un clima máis frío que o actual.

d) En nada porque a Corrente do Golfo non se detería, xa que se trata dunha corrente superficial.

17. Que sistema é máis inestable, a atmosfera ou o océano?

a) O océano, xa que sofre variacións constantes, coma a oleaxe ou a marea.

b) Os dous sistemas son igual de inestables, xa que funcionan en conxunto. Unha pequena variación nun deles provoca un cambio da mesma intensidade no outro.

c) O océano, xa que sofre cambios moito máis rápidos e impredecibles que a atmosfera. A circulación oceánica cambia en minutos, a atmosférica en anos.

d) A atmosfera, xa que sofre cambios moito máis rápidos e impredecibles que o océano. A circulación atmosférica cambia en poucos minutos, a oceánica en moitos anos.

18. Por que Cristobal Colón baixou ata Canarias na súa viaxe ata América?

a) Porque en realidade quería ir á India, polo que a súa intención era rodear África para ir cara ao Leste.

b) Porque as correntes oceánicas o empuxaron cara alí.

c) Para aproveitar a forza dos Alisios que o axudarían na súa viaxe cara ao oeste.

d) Para reparar un timón e as velas, xa que os fortes ventos do leste, das nosas latitudes, as deixaran moi deterioradas.

19. Por que no verán a unha mesma temperatura temos máis calor (sensación térmica) en lugares con maior humidade?

a) Porque ao haber máis vapor de auga na atmósfera, a nosa súa evapórase antes, polo que non conseguimos liberar calor do noso corpo.

b) Porque ao estar o aire saturado, non admite máis vapor de auga. Isto impide que nosa súa se evapore, o que nos axudaría a refrescarnos.

c) Porque ao haber máis humidade, o aire non consegue moverse para diminuír a nosa temperatura corporal.

d) Porque ao respirar aire saturado de vapor de auga, non temos sensación de sede e perdemos moita auga.

20. En que sentido se moven os ventos entre zonas de diferentes presións?

a) En superficie o aire vai dende os anticiclóns (altas presións) cara ás borrascas (baixas

presión).

b) En superficie o aire vai dende os anticiclóns (baixas presións) cara ás borrascas (altas presións).

c) En superficie o aire vai dende as borrascas (altas presións) cara aos anticiclóns (baixas presións).

d) En superficie o aire vai dende as borrascas (baixas presións) cara aos anticiclóns (altas presións).

21. De que xeito inflúe o mar nos climas locais costeiros?

a) Fai que sexa máis cálido, por iso as zonas de costa son as máis poboadas.

b) Provocando as brisas mariñas que de día quentan a terra e de noite refrescan a auga.

c) Fai que sexa máis frío, evitando que aumente a temperatura no inverno (porque a auga pode almacenar moito calor sen aumentar a súa temperatura).

d) Suaviza o clima, evitando cambios bruscos de temperatura (porque a auga pode almacenar ou perder moito calor sen cambiar a súa temperatura).

22. Como cambia o clima da costa de Chile durante un episodio intenso do fenómeno "El Niño"?

a) Os alisios intensifícanse e desprazan a zona de borrascas indonesia cara á costa americana, dando lugar a intensas chuvias, anormais nesa zona.

b) Os alisios intensifícanse e desprazan a zona de anticiclóns cara á costa americana que dá lugar a tempo soleado que provoca secas, anormais nesa zona.

c) Os alisios fréanse provocando un desprazamento da zona de borrascas cara á costa americana que dá lugar a intensas chuvias, anormais nesa zona.

d) Os alisios fréanse provocando un desprazamento da zona de anticiclóns cara á costa americana que dá lugar a tempo soleado que provoca secas, anormais nesa zona.

23. Como cambia o clima da zona de Indonesia durante un episodio intenso do fenómeno "El Niño"?

a) Os alisios fréanse e desprazan a zona de borrascas indonesia cara América. Nas costas do sur de Asia deixa de chover, producíndose importantes secas.

b) Os alisios fréanse e desprazan a zona de borrascas indonesia cara América. Nas costas do sur de Asia intensifícase a chuvia, producindo inundacións.

c) Os alisios intensifícanse e desprazan a zona de borrascas indonesia cara América. Nas costas do sur de Asia deixa de chover, producíndose importantes secas.

d) Os alisios intensifícanse e desprazan a zona de borrascas indonesia cara América. Nas costas do sur de Asia intensifícase a chuvia, producindo inundacións.

24. En que consiste o fenómeno de "La Niña"?

- a) É o mesmo fenómeno que "El Niño", que provoca cambios no océano e a atmósfera e dá lugar a secas no sur de Asia e inundacións na costa americana.
- b) É o mesmo fenómeno que "El Niño", que provoca cambios no océano e a atmósfera e dá lugar a inundacións no sur de Asia e secas na costa americana.
- c) Chámaselle así aos episodios moi intensos de "El Niño".
- d) Chámaselle así ao fenómeno contario a "El Niño". Os alisios intensifícanse chegando a provocar inundacións no sur de Asia e períodos de seca na costa americana.

25. Quen descubriu e bautizou o fenómeno de "El Niño"?

- a) Os meteorólogos americanos e puxéronlle ese nome porque era o día internacional da infancia.
- b) Os meteorólogos indonesios e puxéronlle ese nome porque era o día internacional da infancia.
- c) Os mariñeiros que sufrían graves perdas na pesca polo aumento de temperatura da auga nas costas americanas na época do Nadal.
- d) Os mariñeiros que obtiñan maiores capturas de peixe polo aumento de temperatura da auga nas costas americanas na época do Nadal.

26. Que presión atmosférica é maior, 980 milibares ou 1 atmósfera?

- a) 1 atmósfera, xa que 1 bar é aproximadamente igual a 1 atmosfera.
- b) 980 mb, xa que 1 bar é aproximadamente igual a 1 atmósfera.
- c) 1 atmósfera, xa que 1 milibar é aproximadamente igual a 1013 atmosferas.
- d) 980 mb, xa que 1 atmosfera é aproximadamente igual a 1013 milibares.

27. Por que Groenlandia (Greenland) significa "terra verde" se é unha illa cuberta de xeo?

- a) Porque durante o verán é unha illa totalmente verde.
- b) Porque durante unha fase cálida da terra (700-1200 d.C) estaba chea de verdes campos que cultivaban os vikingos.
- c) Porque o mariñeiro que lle puxo nome era noruego e trabucouse de cor ao comunicalo en inglés pola radiobaliza do barco.
- d) Porque se acordou cambiar o seu nome orixinal Iceland (terra xeadada) por ser un dos lugares máis afectados polo desxeo debido ao cambio climático.

28. En que sentido circula un anticiclón en Arxentina?

- a) Horario, ao contrario que no hemisferio norte.
- b) Antihorario, ao contrario que no hemisferio norte.

- c) Horario, igual que no hemisferio norte.
- d) Antihorario, igual que no hemisferio norte.

29. Monzón vén da palabra árabe "mosem" que significa...

- a) Estación: xa que a distribución das súas precipitacións é estacional, verán de intensas chuvias e inverno de fortes secas.
- b) Vento: xa que no inverno os ventos chegan dende o océano ás costas asiáticas cargados de chuvias.
- c) Seca: xa que no verán os ventos do interior de Asia son secos e fríos.
- d) Inundación: xa que os monzóns provocan chuvias incontroladas no sur de Asia todo o ano.

30. Por que a costa oeste dos continentes adoita ter clima máis cálido que a costa leste?

- a) Pola radiación solar, que incide de xeito máis intenso durante as horas do día que o sol dá no leste dos continentes.
- b) Pola radiación solar, que incide de xeito máis intenso durante as horas do día que o sol dá no oeste dos océanos.
- c) Porque o leste dos continentes está bañado por correntes que veñen do ecuador e o oeste dos continentes por augas que veñen desde os polos.
- d) Porque o oeste dos continentes está bañado por correntes que veñen do ecuador e o leste dos continentes por augas que veñen desde os polos.

31. Que tipo de correntes mariñas bañan as costas dos maiores desertos do mundo?

- a) Correntes frías e secas (con moi pouca humidade).
- b) Correntes frías e cargadas de humidade.
- c) Correntes cálidas e secas (con moi pouca humidade).
- d) Correntes cálidas e cargadas de humidade

32. Que quere dicir que a península se atope "baixo a influencia do anticiclón das Azores"?

- a) Que as fronteiras do Atlántico se atopan máis ao norte, deixando pasar ao anticiclón das Azores, que se despraza lonxitudinalmente cara á península, provocando tempo inestable e chuvioso.
- b) Que as fronteiras do Atlántico se atopan a menor altitude que o anticiclón das Azores, polo que actúan de escudo provocando un tempo soleado e sen chuvia.
- c) Que o anticiclón, que varía a súa posición latitudinal, se atopa fronte á península,

impedindo o paso das fronteiras do Atlántico e provocando un tempo soleado e sen chuvia.

d) Que o anticiclón, que varía a súa posición latitudinal se atopa máis abaixo da península, deixando pasar fronteiras do Atlántico que dan lugar a un tempo soleado e sen chuvia.

33. En que consiste o chamada efecto Föhn?

a) No efecto de barreira para a chuvia das montañas. Fai que o aire húmido teña que comprimirse para atravesala, descargando a humidade na ladeira de sotavento e deixando un clima máis cálido e seco na ladeira de barlovento.

b) No efecto de barreira para a chuvia das montañas. Fai que o aire húmido teña que comprimirse para atravesala, descargando a humidade na ladeira de barlovento e deixando un clima máis cálido e seco na ladeira de sotavento.

c) No efecto de inducción para a chuvia das montañas. Fai que o aire húmido teña que comprimirse para atravesala, descargando a humidade en ambas ladeiras da montaña e pasando o aire totalmente seco a partir de alí.

d) No efecto de barreira para a chuvia das montañas. Fai que o aire húmido teña que comprimirse para atravesala, o que lle impide descargar a súa humidade en ningunha das ladeiras da montaña.